

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2021

D. Darío Campos Conde  
Alcalde do Concello de A Pontenova

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos é un organismo público dependente da Consellería de Sanidade que engloba o centro de transfusión de Galicia. Entre os seus obxectivos atópase a subministración de compoñentes sanguíneos a todos os hospitais de Galicia de acordo coas súas necesidades.

Cada día ADOS despraza dez unidades móveis e mantén abertos sete puntos fixos de doazón nos principais hospitais, na procura de doazóns de sangue que despois son procesadas e preparadas para atender aos enfermos que as precisen.

No desenvolvemento do noso traballo resulta imprescindible o apoio de todas as entidades que conforman a nosa sociedade, entre elas os concellos que facilitan a colaboración das súas veciñas e veciños, é por isto queremos dirlles as grazas.

Na situación actual, na que necesariamente debemos gardar certas prevencións sociais encamiñadas a preservar a saúde de todos, traballamos con cita previa para graduar a afluencia de doadores, evitando esperas.

Unha destas unidades móveis desprazarase ata **A Pontenova** polo que solicitamos o permiso de aparcamento e a colaboración do seu Concello.

**Xoves, 27 de maio**

**16:30 a 21:00 horas**

**UNIDADE MÓBIL NA PRAZA DOS FORNOS**

O noso vehículo precisa unha zona de aparcamento de 15 metros, solicitamos que nos indiquen por fax ou correo electrónico ([promoción.ados@sergas.es](mailto:promoción.ados@sergas.es)) a confirmación da reserva.

Grazas,

José Luís Beiras Padella

Director de Xestión e Servizos Xerais da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

